

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseite de decembro de dous mil dezaoto; as seis horas e corenta e cinco minutos da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezasete de decembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 654/2018 RIB / C/18.1/18

Visto o escrito presentado por **Don Juan Manuel Fernández Rodríguez en representación de Pazo de Esposende SLU** onde solicita Licenza de Obras para “ Expediente de legalización e obras pendentes de acondicionamento de parcela” visado nº 2018/399 de data 12/03/2018 , redactado polo arquitecto técnico don Jorge González Veiga.

Consta .Proxecto Técnico de “Expediente de legalización e obras pendentes de acondicionamento de parcela” visado nº 2018/399 de data 12/03/2018 , redactado polo arquitecto técnico don Jorge González Veiga.

Consta Resolución de data 4 de decembro de 2018 da Consellería de Cultura e Turismo de data 4 de decembro de 2018 sobre actuación que afecta a un ben incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, expediente 66-289, situación Lugar de Esposende 20, parroquia de Santiago de Esposende (referencia catastral 32070º021001570000YO)

Consta Resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas para acceso á estrada ou vía de servizo.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 19 de decembro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data decembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licenzia a don Juan Manuel Fernández Rodríguez en representación de Pazo de Esposende SLU para Expediente de legalización e obras pendentes de acondicionamento de parcela" visado nº 2018/399 de data 12/03/2018 , redactado polo arquitecto técnico don Jorge González Veiga en Lugar de Esposende 20, parroquia de Santiago de Esposende (referencia catastral 32070A021001570000YO)

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Contía na que se orzan as obras: 29.837,32 €

Situación e emprazamento das obras: lugar de Esposende 20..

Nome ou razón social do promotor: Pazo de Esposende SLU.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

En base ao previsto na Resolución de Patrimonio imponse as seguintes cautelas:

1 Con respecto ás obras xa executadas:

-Sobre a rampla de acceso: Posto que se trata dun pequeno treito en contacto cunha estrada, e que xa estaba parcialmente asfaltado é posible continuar con este material coidando os bordes do mesmo, rematando cunha peza adecuada ao contorno tan especial no que se sitúa, que podería ser pedra, metal ou mesmo madeira, sempre e cando se garanta a calidade do remate. Especialmente relevante será evitar que o asfalto manche os muros de pedra ou outros elementos que se deban preservar.

-Autorizar a explanación e pavimentación dunha área de aparcamento.

-Con respecto á intervención no bancal de pedra, neste bancal introducese un rexuntado, que modificou a imaxe e o sistema construtivo do muro, polo que se tentará retirar, cando menos, a parte máis visible da xunta sen danar a pedra.

-A solución de incluír unha chapa diante don bancal, para conter terra e penedos é unha solución posible, na que aínda que se introduce un novo elemento e un novo material, se fai con certo coidado e calidade, polo tanto é aceptable

-Autorizar a construción dunhas escaleiras de pedra que van dende o nivel de aparcamento cara a porta de entrada ao patio.

-No patio a substitución de dous cadrados de herba no centro do pavimento por un pavimento de pedra tamén resulta compatible nun espazo como o patio.

2 Con respecto ás obras que se solicitan:

-Autorízase a introdución dun paso que comunique os bancos existentes. Lémbrese que posto que existen máis bancais de pedra seca na parcela, nos que aínda non se interviú, deberanse manter estes muros sen masa, polo que non se deberán rexuntar.

-En relación coa varanda, autorízase a mesma, continuando o modelo de varanda das escaleiras e lembrando a recomendación de evitar un exceso de elementos decorativos.

Finalmente ao remate dos traballos, deberán presentar unha reportaxe fotográfica, que ilustre o cumprimento destas condicións e que se incorporará o expediente”

Tendo en conta que con data 26/3/2018 o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 148,73 € e visto o orzamento estimado , practícase liquidación complementaria por 627 euros.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde , recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

. Manterase en todo momento a limpeza do vial público

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL

1.- Visto o escrito presentado por dona Remedios Julia Montalt Gómez solicitando acometida de auga en rúa Fonte da Prata 8, baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 26-11-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por dona Rosario Vázquez Moure , sobre edificación sita en Prexigueiro 119, referencia catastral 001401600NG67H0001ST , , número de expediente **RIB/N /162/18**, 2677/2018 A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 21.12.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para **edificación sita en Prexigueiro 119**, referencia catastral 001401600NG67H0001ST , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

-Escrito da Federación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Ourense solicitando que se eviten a celebración de espectáculos e actividades recreativas en locais que carezcan das pertinentes licenzas administrativas.

-Escrito de dona María Soledad González Martínez, no que indica que na rúa Vicente Risco de Ribadavia , entre o número 5 e 7 en sentido ascendentes se atopa un camiño sen asfaltar e consulta como está declarado esa vía, como camiño, rúa.

A xunta de goberno considerando que o citado espazo figura no planeamento municipal vixente e no catastro como vial público, e visto o artigo 3 do texto refundido da lei do catastro inmobiliario : Salvo proba en contrario e sen prexuízo do rexistro da propiedade cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán , os datos contidos no catastro inmobiliario se presumen certos, acorda comunicar que o citado espazo ten a consideración de vial público.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Comunicación de acordo de incoación de procedemento sancionador a ***** por unha infracción administrativa leve tipificada no artigo 90 g) da Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia , pola realización de obras no contorno de protección da igrexa de Santo André de Camporredondo den licenza municipal e sen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

-Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense de 28 de novembro de 2018 estimando o recurso contencioso administrativo interposto pola entidade Pazo de Esposende SL, contra resolución do concello que desestimaba o recurso de reposición interposto contra a carta de pago en vía executiva das débedas relativas ao imposto sobre bens inmoables relativos ao inmoable con referencia catastral 32070QA021001570001UP.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA 14º CONVENIO

Visto o expediente a nome de dona Manuela González González relativo á subvención para actuación no 14º Convenio de actuacións na Area de Rehabilitación do casco histórico de Ribadavia , na obra sita na rúa Porta Nova de Abaixo nº23.

A xunta de goberno tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia , por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación de fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 7000 euros, e a cargo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por importe de 2000 euros , xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico , e o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, IGVS e o concello, remitindo o devandito expediente ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA 14º CONVENIO

Visto o expediente a nome de dona Elisa Gómez González relativo á subvención para actuación no 14º Convenio de actuacións na Area de Rehabilitación do casco histórico de Ribadavia , na obra sita na rúa San Martiño nº 6..

A xunta de goberno tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia , por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación de fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 11000 euros, e a cargo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por importe de 3577,91 euros , xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico , e o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, IGVS e o concello, remitindo o devandito expediente ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº20/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº20/18, por importe de 16.295,76 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS 21/2018

A xunta de goberno local ,por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos 21/2018 por importe de 7.091,59 euros, con cargo a compromisos firmes de outras administracións públicas, para financiar gastos que pola súa natureza son competencia de esta Administración municipal.

XERACIÓN DE CRÉDITOS 22/2018

A xunta de goberno local ,por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos 22/2018 por importe de 5.000 euros, con cargo a compromisos firmes de outras administracións públicas, para financiar gastos que pola súa natureza son competencia de esta Administración municipal.

EXPTE. MODIFICACION DE CREDITOS Nº6/18.-

“A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación o Expediente de modificación de créditos (concesión de suplemento de crédito) nº6/18, por importe de 36.223,12 euros por anulación parcial doutras partidas de gastos do orzamento vixente.

Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións”.

Resolución definitiva da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para organización de eventos físico deportivos no 2018.

Vista a proposta de resolución da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico deportivos no 2018.

Visto o artigo 33 da Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A xunta de goberno local ,por unanimidade, acorda:

Aprobar a subvención polos seguintes importes aos seguintes proxectos:

Evento	Entidade	Subvención
2º ruta btt de Ribadavia	C C Riders do Ribeiro	584,8 €
III Torneo Minibalonman na rua	C Balonman Ribadavia	722,4
III Campus Ribeiro 2018	Ribeiro FC	688 €
VII Trofeo Internacional Capital do Ribeiro de Karate	C Mizukami Karate	1204 €
Fase de ascenso 1ª Nacional Masc de Balonman	ADC Ribeiro	791,2€

A xustificación deberá realizarse ante o concello de Ribadavia tendo o beneficiario un prazo de quince días dende a notificación da presente resolución.

Para o que debера presentarse a conta xustificativa composta polos seguintes elementos:

-Relación de gastos da actividade, según orzamento presentado (Anexo IV) con identificación do acreedor importe e data de emisión.

-Facturas xustificativas en orixinal ou duplicado ou copia cotexada do documento. No caso de gastos de arbitrase , achegarase certificación do colexio de árbitros. No caso de gastos de desprazamento deberase presentar documento asinado polo preceptor co VºBª do presidente, onde se reflectan nome, apelidos e NIF do perceptor e o CIF da entidade ao prezo máximo de 0,19 €/km.

-Acreditación das medidas de difusión onde aparezan os logos do Concello de Ribadavia e do Servizo Municipal de Deportes, tales como carteles, dípticos , páxina web e outros.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as seis horas e cincuenta minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE